

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vista a proposta de bases que rexerán o procedemento de selección para a cobertura temporal dunha praza de Asesor/a Xurídico/a, que quedará vacante con efectos do día 30 de xuño de 2026 como consecuencia da situación de excedencia voluntaria por interese particular da persoa que actualmente a desempeña, sen reserva do posto de traballo, así como para a constitución dunha bolsa de emprego da que formarán parte aqueles/as aspirantes que superen o proceso selectivo.

Considerando que a citada excedencia foi solicitada e concedida con efectos do día 30 de xuño de 2026, e que resulta necesario adoptar con antelación as medidas precisas para garantir a continuidade na prestación dos servizos xurídicos municipais e a adecuada asistencia xurídica aos órganos municipais desde a data en que se produza a vacante.

Considerando igualmente a conveniencia de constituír unha bolsa de emprego que permita atender futuras necesidades temporais de persoal da mesma categoría profesional.

Considerando que se propón convocar a cobertura da referida praza mediante un proceso de selección público baseado nos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, garantindo tamén a celeridade necesaria para atender unha necesidade urxente e inaprazable. O proceso selectivo terá carácter aberto e garantirase a libre concorrencia mediante o sistema de concurso, xustificándose este pola axilidade do procedemento e pola necesidade de dispoñer dunha persoa seleccionada no momento en que a vacante se produza.

Examinadas as bases da convocatoria e de conformidade co artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta Alcaldía

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria e as bases reguladoras que rexerán o procedemento de selección para a cobertura temporal da praza de Asesor/a Xurídico/a que quedará vacante con efectos do día 30 de xuño de 2026, así como para a constitución dunha bolsa de emprego da que formarán parte aqueles/as aspirantes que superen o proceso selectivo.

SEGUNDO.- Dispoñer a publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Taboleiro da anuncios da Sede Electrónica do concello [<https://meis.sedelectronica.gal>]; publicándose o texto íntegro das presente bases, completas, na Sede Electrónica e páxina web do Concello: www.meis.gal.

TERCEIRO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno deste Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre, de conformidade co preceptuado no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa-Presidenta, en Meis, na data que figura á marxe deste documento asinado electronicamente, do que a Secretaría toma razón aos únicos efectos de dar fe pública e transcripción ao Libro de Resolucións.

A Alcaldesa
Asdo.: Marta Giráldez Barral

A Secretaria-Interventora
Asdo.: María Gómez García

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

